



Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se publica a admisión da inscrición de novas embarcacións, a súa puntuación provisional e a actualización das puntuacións na lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camelle

Antecedentes

1. A Orde de 20 de decembro de 2018 aproba os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG Núm. 246, de 27.12.2018). Pola disposición transitoria segunda do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, os plans de xestión de recursos específicos prorróganse ata o 31.12.2021.
2. O 17.06.2020 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de listas para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camelle (en adiante plan de xestión).
3. O 18.06.2021 esta xefatura territorial ditou a Resolución que abriu o prazo de presentación de solicitudes para a renovación de modalidades de recursos específicos: percebe, equinodermos, solénidos, algas, peneira, anémones e poliquetos, no permiso de explotación de embarcacións no ámbito das confrarías de pescadores da provincia da Coruña para o trienio 2022-2024, así como das cotas asociadas a ditos recursos.
4. A elaboración da lista indicada no punto 2 rematou o 10.11.2020 mediante a Resolución desta xefatura territorial pola que se fixo pública a lista elaborada do procedemento de incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión. Nesta mesma resolución ofertáronse dez (10) cotas de captura vacantes.
5. A Resolución do 03.12.2020 da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña adjudicou unha (1) cota de captura para o recurso específico percebe no permiso de explotación a cada unha das 8 embarcacións que aceptaron a cota ofertada e que presentaron a documentación correspondente, deixou deserto o incremento de dúas (2) cotas de captura pola renuncia de 16 embarcacións ao outorgamento de novas cotas de captura e excluíuse da lista á embarcación ESCACHIÑO 3ª CO-4-1-08 por non ter a modalidade de percebe no permiso de explotación trala renuncia feita polo armador do buque.





6. O 02.02.2021, a confraría de pescadores de Camelle solicitou a cobertura dunha (1) cota de percebe segundo a lista confeccionada para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión e o 11.02.2021 esta xefatura territorial ditou unha resolución pola que se lle ofertou a dita cota á embarcación LILIANA-CO-4-1763 que foi rexeitada pola persoa armadora da embarcación mediante escrito do 22.02.2021, polo que mediante resolución do 24.02.2021 desta xefatura territorial ofertóuselle á embarcación PRIXELO CO-4-1040 que foi aceptada pola persoa armadora.

7. O 04.05.2021, a persoa armadora da embarcación SILVIA-CO-4-1840, solicitou a súa inclusión na lista confeccionada para o incremento de cotas de captura de percebe para as embarcacións incluídas no plan de xestión, a cal se fixo efectiva mediante a resolución do 15.06.2021 desta xefatura territorial e por resolución do 30.11.2022 ofértaselle unha cota de captura que foi aceptada pola persoa armadora o 21.12.2021.

8. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021) establecendo un máximo de 38 embarcacións con 76 persoas habilitadas para todo trienio.

Na actualidade o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 35 con 70 persoas habilitadas.

9. Logo do proceso de renovación da modalidades de recursos específicos indicado no punto 3 a embarcación CELIA G CO-4 6-04 perdeu unha das dúas cotas de percebe das que dispoñía.

10. O 17.03.2023 comunícaselle á entidade que logo da posta en marcha en 2021 dunha nova ferramenta informática para a tramitación de expedientes de creación de listas, consensuouse por todas as unidades tramitadoras da consellería, un criterio de valoración do apartado relativo á experiencia profesional da persoa armadora (C.2) que difire do aplicado anteriormente, por un axuste no modo de contabilización dos días de actividade máis acorde co obxectivo real de valoración deste apartado do baremo. En base a isto concedéuselle ás persoas armadoras das embarcacións inscritas na lista, un prazo de quince (15) días para presentar a documentación necesaria para valorar de novo o dito apartado.

11. O 10.03.2023 as persoas armadoras das embarcacións PLATEIRAS CO-4 – 5-06 e ROSAL CO-4-3-05 solicitan a inclusión da súas embarcacións na lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión.

12. O 30.03.2023 as persoas armadoras das embarcacións MARIMAR CO-4 - 1962 e MAR DE ALMA CO-4 - 2-05 solicitan a súa inclusión na lista logo das transmisións dos permisos de explotación efectuadas.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de





xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Camelle e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico percebe (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020.

5. O apartado C.1 do Anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 establece que ás embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión asignaráselles 5 puntos na lista para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.

6. Unha vez rematado o proceso de renovación de modalidades de recursos específicos convocado pola Resolución do 18.06.2021, unha das embarcacións integrantes da lista pasou a dispor dunha soa cota da modalidade de recurso específico percebe e así quedou reflectido no novo Permiso de explotación, polo que compre asignarlle os puntos correspondentes ao apartado C.1 do baremo e actualizar a súa puntuación na lista.

7. Logo dos sucesivos usos da lista detallados nos antecedentes desta Resolución e a posterior adxudicación de cotas de captura, ás embarcacións SILVIA CO-4 1840, PRIXELO CO-4 1040, CONSUELO CO-4 566, CARMEN CO-4 190 e JEMA CO-4 6-06 cómpre actualizarlles a puntuación do apartado C.1 do baremo ao non ter dereito á asignación dos cinco (5) puntos por dispor de máis dunha cota de captura.

8. Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta xefatura territorial

RESOLVE:

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





1. Admitir a inscrición das embarcacións PLATEIRAS CO-4 – 5-06, ROSAL CO-4-3-05, MARIMAR CO-4 - 1962 e MAR DE ALMA CO-4 - 2-05 na lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Camelle, así como publicar a puntuación provisional outorgada as ditas embarcacións no Anexo I desta Resolución.
2. Actualizar a puntuación do apartado C1 - Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión ás embarcacións que así se sinalan no Anexo I desta Resolución.
3. Contra as puntuacións provisionais as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.
4. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo no taboleiro da confraría de pescadores de Camelle.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigabilidade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as alegacións, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado asociado á solicitude inicial do procedemento PE401M (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>).

Para a presentación da documentación será necesario identificarse electronicamente mediante calquera dos sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede da Xunta de Galicia.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Camelle consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial

Por ausencia (Resolución do 04.08.2022)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada





ANEXO I:

Lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de Percebe da Confraría de pescadores de Camelle

Embarcación	Matrícula e folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional do armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
CELIA G**	CO-4 6-04	5	4,00	1	10,00
JOSE IGNACIO PRIMERO	CO-4 3-03	5	4,00	1	10,00
PESCADORA	CO-4 1582	5	4,00	1	10,00
LILIANA	CO-4 1763	5	0,00	2	7,00
NUEVO ANAMAR	CO-4 9-05	5	0,00	2	7,00
ROSAL*	CO-4 3-05	0	4,00	3	7,00
SILVIA**	CO-4 1840	0	3,60	3	6,60
A PERCEBEIRA	CO-4 10-05	0	4,00	2	6,00
AZOR UNO	CO-4 1-98	5	0,00	1	6,00
MARIMAR*	CO-4 1962	0	4,00	2	6,00
MARÍA ELENA	CO-4 1782	5	0,00	1	6,00
PLAYA DE AROU	CO-4 1398	5	0,00	1	6,00
CARMEN**	CO-4 190	0	4,00	1	5,00
CHAMO	CO-4 1-18	0	3,92	1	4,92
ZEUS UNO	VI-8 2-95	0	4,00	0	4,00
DOS CUÑADOS	CO-4 1377	0	1,36	2	3,36
PLATEIRAS*	CO-4 5-06	0	0,60	2	2,60
BEATRIZ Y MARTA	CO-4 1-12	0	0,00	2	2,00
CHICHA	CO-4 1261	0	0,00	2	2,00
PRIXELO**	CO-4 1040	0	0,00	2	2,00
SARA	CO-4 1947	0	0,00	2	2,00
AMABLE	CO-4 1026	0	0,20	1	1,20
MAR DE ALMA*	CO-4 2-05	0	1,20	0	1,20
ALBER	CO-4 1904	0	0,00	1	1,00
CONSUELO**	CO-4 566	0	0,00	1	1,00
JEMA**	CO-4 6-06	0	0,00	1	1,00
SANTA MARINA	CO-4 5-05	0	0,00	0	0,00

* Nova embarcación inscrita na lista logo da súa solicitude e puntuación provisional outorgada

** Embarcación á que se lle modificou a puntuación trala actualización do apartado C.1 – Embarcación cunha soa cota de captura





Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**

Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos,
Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.**A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.**

